

Sra. Conselleira

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Xunta de Galicia

Rúa San Lázaro, s/n; 15781 Santiago de Compostela

Tel.: 881 995 341 E-mail: gabinete.mot@xunta.es

ASUNTO: Novo proxecto de construción de senda fluvial a Os Caneiros

EXPOÑEN:

O pasado día 28 de decembro o Concello de Betanzos anunciou a apertura do proceso de licitación para a construción dunha senda dende a Ponte Vella a Os Caneiros, con actuacións nos termos municipais de Betanzos e Coirós, na beira esquerda do río Mandeo, afectando ó espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo, á zona de servidume do dominio público, á área de distribución potencial da escribenta das canaveiras e a un hábitat prioritario.

No ano 2010 o Plan Mandeo da Deputación da Coruña presentou un proxecto similar que foi paralizado. No 2014 o Concello de Betanzos presentou un novo proxecto, elaborado por Egis Eyser S. A., que recibiu o título de *Proyecto de construción de senda fluvial y adecuación de la zona de Os Caneiros*. Este novo proxecto baseábase no anterior, pero presentaba dous cambios importantes: a instalación de 245 metros de alcantarilla pola zona de servidume do dominio público e un cambio de trazado no carrizal de San Xiao cun recheo de 700 metros de hábitat prioritario. Este novo proxecto tamén foi paralizado, até que foi retomado o pasado mes de decembro.

Tal como alegamos mediante o correspondente escrito con data 18 de xaneiro de 2015, este novo proxecto volve a caer en actuacións que consideramos lesivas para o espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo, para a escribenta das canaveiras iberoccidental e para un hábitat prioritario, vulnerando en varios aspectos a lexislación vixente:

- O novo proxecto carece dunha avaliación do impacto ambiental, tal como establece o artigo 45.4 da *Ley 42/2007 del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad* e os artigos 7 e 45 da *Ley 21/2013 de Evaluación Ambiental*. Igualmente carece do informe previo e favorable da Dirección Xeral de Conservación da Natureza respecto a como afecta á escribenta das canaveiras, segundo establece o *Decreto 75/2013 polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras en Galicia*.

A necesidade da avaliación ambiental e do informe favorable en base a esa lexislación nolo confirma con data 27-5-2015 o Defensor del Pueblo, que non atopa evidencias de que se teña realizada a avaliación ambiental correctamente nin que se teña avaliado o posible impacto negativo da construción e uso da senda na escribenta das canaveiras. Tamén indica o Defensor del Pueblo que a Demarcación de Costas en Galicia foi informada polo destacado investigador e catedrático de botánica da Universidade de Santiago de Compostela, D. Javier Guitián Rivera, sobre o impacto ecolóxico no humidal de San Xiao, contradicindo así a resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza que sorprendentemente indicaba que no proxecto non se vía afectada ningunha zona húmida identificada (ríos e marismas son por definición zonas húmidas para calquera científico).

A decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 2014 de non precisarse a avaliación ambiental baséase no erro de que non hai cambios significativos con respecto ó proxecto do Plan Mandeo (proxecto que tamén carecía de avaliación ambiental), malia que no novo proxecto aparece a construción de 245 metros de alcantarilla por Rede Natura, alterando coa escavación a estabilidade e estrutura edáfica da beira do río, e a destrución de 2.100 m² dun hábitat prioritario mediante o recheo de 700 metros lineais de senda. Tampouco tiña en consideración que ese recheo, máis os 120 metros de pasarela pilotada polo carrizal, xa estaban afectados polo Plan de Conservación

da Escribenta das Canaveiras, promulgado no 2013 pola Xunta de Galicia e, xa que logo, aprobado con posterioridade á redacción do proxecto do Plan Mandeo.

Finalmente o Defensor del Pueblo informounos con data 13-4-2016 que o Concello de Betanzos fixo caso omiso ás súas suxestións para que solicitara ditos informes complementarios sobre o impacto da construción e uso da senda, amosando así nulo interese en respectar a lexislación ambiental e en garantir a conservación do noso patrimonio natural. Asemade carecemos de noticias posteriores de que os teña solicitado, dada a falta de transparencia no proxecto.

- A pavimentación con xabre da zona de servidume do río nun tramo de 420 metros, coa conseguinte destrución da metade do hábitat terrestre da beira esquerda do espazo natural, e o impacto do seu uso continuado na vida silvestre do espazo natural, vulnera diversa normativa ambiental.

Esta destrución do hábitat non xustificada, carente dun interese público ineludible pois existe a alternativa de afastar o seu trazado do río, vulnera as directivas Hábitats (92/43/CEE) e Aves (79/409/CEE), e a súa trasposición á lexislación estatal, normas que deron lugar á declaración de espazo natural protexido da Rede Natura en base a criterios científicos relativos ó hábitat presente nesta zona. Tamén vulnera a directiva Marco de Auga ó danar a calidade do ecosistema fluvial do que forma parte a beira do río, de especial importancia para a alimentación e descanso da avifauna, ademais de servir a súa vexetación de zona de amortecemento diante da contaminación difusa.

- A construción dunha pasarela pilotada de 120 metros polo carrizal de San Xiao, habendo a alternativa de pasar o trazado polas lindes das fincas, vulnera o *Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras en Galicia*.

Na zonificación que establece dito decreto clasifícase este espazo dentro da *área de distribución potencial*. Para este paxariño gravemente ameazado, as beiras dos carrizais son especialmente importantes como lugares de nidificación (páxina 16 do informe científico *El escribano palustre en España* de SEO/Birdlife) e xa que logo especialmente sensibles ó tránsito de persoas e animais domésticos na época de nidificación.

- O recheo dunha zona clasificada oficialmente como hábitat prioritario 91E0* nun treito de 700 metros pola beira do carrizal de San Xiao, sumando unha superficie aproximada de 2.100 m², é innecesario por haber unha pista paralela ó trazado proxectado, vulnerando así o decreto citado anteriormente e a directiva Hábitats (92/43/CEE).
- A cementación de 27 metros de río coa construción dunha escollera totalmente innecesaria porque existe a alternativa de seguir o camiño orixinal e, xa que logo, carente dun interese público ineludible, vulnera as directivas de Hábitats, Aves e Marco da Auga. Adicionalmente, esta obra localízase no Concello de Coirós —igual que parte do recheo do carrizal— carecendo de competencias o Concello de Betanzos para realizalas.
- A instalación dunha alcantarilla de 245 metros de lonxitude na beira do río para canalizar as fecais do único edificio na rúa da Cañota que verte ilegalmente ó río, habendo as posibilidades de usar o alcantarillado xa existente na rúa (mediante a instalación dun bombeo nese edificio) ou mediante un trazado afastado do río por parcelas de labradío actualmente en desuso, vulnera as directivas de Hábitat, Aves e Marco da Auga. Pero tamén o artigo 44.6 da *Ley de Costas* que impide a instalación destes colectores a menos de 20 metros da zona de servidume.

Empregar as excepcións que contempla sería unha utilización *torticera* da lei para xustificar a instalación da canalización de fecais, pois a lei prevé ditas excepcións cando se integran en paseos marítimos ou viais urbanos (rúas, estradas, etc.). O que se constrúe neste caso é unha senda pola beira do río —tal como a cualifica o proxecto construtivo—

nun entorno de hortas e labradíos abandonados e, xa que logo, non pode considerarse o avance natural do casco urbano en forma de rúa, paseo marítimo, etc.

Todas estas actuacións teñen alternativas económicas e compatibles coa conservación dos valores naturais da zona e sen que a senda perda ningún atractivo para os veciños e os turistas, tal como pode verse no informe do 2015 que vai adxunto, documento ó que se adhiren as dez entidades que asinan este escrito.

Por último, queremos comentar que este proxecto non se ten sometido a exposición pública, vulnerando así os dereitos dos cidadáns recollidos no Convenio de Aarhus, asinado polo Estado español.

SOLICITAN: Que teña a ben valorar as consideracións anteriores e as reflectidas no informe adxunto e estime oportuno realizar as xestións necesarias dentro do marco das súas competencias para que se desbote a redacción actual do proxecto que o Concello de Betanzos está a licitar, se modifique de maneira que se cumpra a lexislación vixente e se eviten os impactos ecolóxicos, e finalmente se someta a unha avaliación ambiental, a unha avaliación do impacto na escribenta das canaveiras e a exposición pública, pregándolle que non dubide en poñerse en contacto con nós para reunirnos, ampliar calquera información ou recibir o asesoramento que precisen.

ADXUNTAN:

- Informe titulado *Alternativa ecolóxica á ruta dos Caneiros proxectada polo Concello de Betanzos*.
- Copias dos escritos remitidos polo Defensor del Pueblo.

Betanzos, 13 de xaneiro de 2017.

Sociedade Galega de Historia Natural-As Mariñas

Grupo Naturalista Hábitat

Plataforma en Defensa da Ría de Sada e Betanzos

Asociación Ecoloxista Arco Iris

Grupo de Anelamento Hércules

Asociación Cultural Lar de Unta

Asociación Cultural Libre de Paderne Roxín Roxal

Asociación Cultural O Rabo do Galo

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Asociación Amigos dos Ríos de Betanzos